



Concello de Cangas

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 4 DE ABRIL DE 2016**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 4 de abril de 2016

HORA DE COMEZO: 20:32 h.

HORA DE REMATE: 21:15 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D. Heitor Mera Herbello, D<sup>a</sup> Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e o interventor accidental, D. José Luis Tievo Soliño, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 14 DE MARZO DE 2016**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 14 de marzo de 2016.

### **OBRAS E SERVIZOS**

#### **2º.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA S/SOLICITUDES PARA A EXPLOTACIÓN DE SERVIZOS DE TEMPADA EN PRAIAS DO CONCELLO DE CANGAS-ANO 2016**

2.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES PARA A EXPLOTACIÓN DE SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DO CONCELLO DE CANGAS-ANO 2016



## Concello de Cangas

Vista a proposta da Alcaldía do día 30.03.2016, referente a desestimación de solicitudes para a explotación de servizos de tempada nas praias do Concello de Cangas para o ano 2016, que é como segue:

*"ASUNTO: DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES PARA A EXPLOTACIÓN DE SERVICIOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DO CONCELLO DE CANGAS-ANO 2016*

### *PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA*

*Con rexistro de entrada do 21 de xaneiro de 2016, recibíuse oficio do xefe do Servizo de Costas de Pontevedra expresando os criterios de actuación para a elaboración e explotación dos plans de ocupación con servizos de tempada nas praias durante a temporada estival do ano 2016. Así mesmo, a Xefatura Provincial de Costas, insta aos concellos, como en anos anteriores, a constituírse en xestores do programa de autorización de explotacións.*

*O anuncio remitido polo Servizo Provincial de Costas, no cal se instaba a todos os interesados a presentar solicitudes de autorización para a explotación de servizos de tempada nas praias do noso municipio, foi exposto no taboleiro de anuncios do Concello.*

*Con base nas concesións autorizadas polo Servizo Provincial de Costas no ano pasado e xunto coas solicitudes e propostas dos interesados e o informe do Servizo de Conservación da Natureza (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*ÚNICO.- Procédase á DESESTIMAR do plan de ocupación as seguintes solicitudes para a Praia de Barra, por ser zona protexida e non se autorizan instalacións de tempada na mencionada zona:*

- E. M. S., enderezo en Camiño de Viñó, nº 41-O Hío.*
- M<sup>a</sup>. C. C., enderezo en Estrada de Bueu, nº 25-Vilariño-O Hío.*
- B. S. C., enderezo en Camiño de Viñó, nº 41-O Hío".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a desestimación de solicitudes para a explotación de servizos de tempada nas praias do Concello de Cangas para o ano 2016.

**2.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPLOTACIÓN DOS SERVICIOS DE TEMPADA EN PREDIOS PRIVADOS DO CONCELLO DE CANGAS E ZONA PÚBLICA FÓRA DO**



## Concello de Cangas

### ÁMBITO DO SERVIZO PROVINCIAL DE COSTAS E DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS-ANO 2016

Vista a proposta da Alcaldía do día 04.04.2016, referente a explotación dos servizos de tempada en predios privados do Concello de Cangas e zona pública fóra do ámbito do Servizo Provincial de Costas e da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para o ano 2016, que di o seguinte:

*"ASUNTO: EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPORADA EN PREDIOS PRIVADOS DO CONCELLO DE CANGAS E ZONA PÚBLICA FÓRA DO ÁMBITO DO SERVIZO PROVINCIAL DE COSTAS E DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS-ANO 2016*

#### *PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA*

*Aberto o prazo, desde o 25 de xaneiro ata o 15 de marzo de 2016, para que todos/todas aqueles/aquelas veciños/veciñas interesados/interesadas na instalación de quioscos de verán en terreo privado presentaran o seu pedimento no rexistro de entrada do Concello, de acordo coa documentación esixida no bando dictado pola Alcaldía e presentadas as seguintes solicitudes:*

<u>NOME E APELIDOS</u>	<u>DNI</u>	<u>SITUACIÓN</u>
<i>P. M. P. C.</i>	<i>78732348-J</i>	<i>praia Areameán (Mexilloeiras-Viñó-O Hío) Camino da Garita, 19, Nerga-O Hío.</i>
<i>M. F. C.</i>	<i>78737512-W</i>	<i>predio en praia de Barra (Nerga) O Hío Ctra. Bueu, 25, Vilariño, Hío.</i>
<i>Ma. T. F. G.</i>	<i>78739103-Y</i>	<i>predio "O Couñal", Donón, nº 58-O Hío</i>
<i>A. Ma. M. C.</i>	<i>73240938-Z</i>	<i>predio "As Escobas", Viñó, nº 31-O Hío</i>

---

*O bando cos criterios para a concesión de servizos de tempada foron expostos no taboleiro no taboleiro de anuncios do Concello e indicando que o prazo da instalación será do 15 de maio ata o 30 de setembro do ano que andamos.*



## Concello de Cangas

*En base ao cumprimento dos requisitos esixidos no bando publicado, xunto coas solicitudes e documentación aportada polos interesados, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*ÚNICO.- Procédase á aprobación da autorización para a instalación de quiosco de verán en terreo privado aos solicitantes presentados, de acordo coas condicións e requisitos esixidos no bando publicado pola Alcaldía e previo pago nas arcas municipais das taxas da concesión”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita, referente a explotación dos servizos de tempada en predios privados do Concello de Cangas e zona pública fóra do ámbito do Servizo Provincial de Costas e da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para o ano 2016.

### **URBANISMO E PATRIMONIO**

#### **3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 31 DE MARZO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

##### **3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:**

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.



## Concello de Cangas

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.



## Concello de Cangas

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 22.220.- LICENZA MUNICIPAL Nº 21.562.- a V. G. G., con enderezo en Outeiro de Balea, nº 51-Darbo, para no referido lugar, modifícaselle a licenza de obras, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto, A. J. A. M., de data outubro de 2015.

3.A.2) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 22.220.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR V. G. G.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 28 de marzo de 2016, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN a V. G. G., para vivenda en Outeiro de Balea, nº 51-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal nº 21.562.

EXPEDIENTE Nº 24.797.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR J. B. D. E D. O. P.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 29 de marzo de 2016, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a J. B. D. e D. O. P., para vivenda en Pinténs-O Hío, construída ao abeiro da licenza municipal nº 23.716.

b) Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

### **4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:



## Concello de Cangas

### OBRAS

EXPEDIENTE S/N.- Dar conta da Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra, de data 3 de xuño de 2015, para demolición do palco de San Pedro.

EXPEDIENTE Nº 25.081.- J. L. P. M., construír cerramento en Baixada Camping Francón-Menduíña.

EXPEDIENTE Nº 25.833.- HELADOS A FLORENTINA, SL, reforma de local para xeladería en Praza as Pontes, s/n-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.850.- L. S. I., construír un cerramento en Pedreira-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.856.- J. M. R., construír un cerramento no Xistro-Coiro.

### ACTIVIDADES

EXPEDIENTE Nº 1.808/15.- M<sup>a</sup>. N. C. M., cambio de titularidade restaurante un garfo na Avda. de Ourense, nº 50-Cangas.

## **5º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA**

5.A) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 24/2011-S

Dase conta de proposta do instrutor do día 31.03.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 24/2011-S, que é como segue:

*"PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*Vista a sentenza nº 22/2016 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, na que se estima o recurso contencioso-administrativo, tramitado como procedemento abreviado nº 122/2016, interposto pola representación legal de J. R. P. A., contra a resolución de data 9 de febreiro de 2015, adoptada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas, en sesión ordinaria realizada o día 19 de xaneiro de 2015, pola que se acorda desestimar o recurso de reposición interposto por J. R. P. A. contra a resolución de data 8 de outubro do 2014 ditada no expediente sancionador nº 24/2011, tramitado polo Concello de Cangas, pola que se impón unha multa de seis mil un euros (6.001,00€). Anulando as resolucións recorridas no único sentido de acordar que a infracción pola que se sanciona a J. R. P. A. é unha infracción leve e a*



## Concello de Cangas

*multa imposta ascende á cantidade de seiscientos euros (600,00 €), que deberá aboar J. R. P. A.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Impoñer a J. R. P. A., na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de seiscientos euros (600,00 €), por infracción ao ter cometido obras no lugar de Rabáns-O Hío, consistentes en realizar desmorte e recheo con muros de contención de manpostería de máis de 4 m. de alto nun predio de aproximadamente 3.000 m<sup>2</sup>., e un muro de contención de mais de 2,50 m. a menos de 4 m. do eixo.*

*SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor do día 31.03.2016, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 24/2011-S.

## **FACENDA**

### **6º .- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

#### **6A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:

<b>SOLICITANTE</b>	<b>GARANTÍA</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>OBXECTO</b>
A. B. S.	FIANZA	1.398,89 €	EXPEDIENTE Nº 21.523





**Concello de Cangas**

## **7º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS**

7.A) DACIÓN DE CONTA DE DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 40/2016

Dase conta de dilixencia de ordenación do 22.03.2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, no procedemento ordinario nº 40/2016, promovida por "FCC AQUALIA, SA Y FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, SA".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da dilixencia de ordenación do 22.03.2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, no procedemento ordinario nº 40/2016, promovida por "FCC AQUALIA, SA Y FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, SA".

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Apoio Xurídico.

## **SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE**

### **8º.- PROPOSTA S/PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 04.04.2016, referente a prórroga do contrato de xestión do Servizo Público de Axuda no Fogar, que é como segue:

*"PROPOSTA RELATIVA Á PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE AXUDA NO FOGAR*

*Visto o contrato administrativo de xestión do Servizo Público de Axuda no Fogar (SAF) asinado por este Concello e a empresa adxudicataria 'IDADES, SL', o día 25.04.2014, cuxo prazo de execución é de UN ANO, susceptible de dúas prórrogas de carácter anual (cláusula 5ª PCAP).*

*Visto que logo do primeiro ano de execución do contrato, este foi prorrogado desde o 01.05.2015 ata o 30.04.2016 mediante Decreto da Alcaldía de data 28.04.2015.*



## Concello de Cangas

*Visto o informe emitido en data 30.03.2016 por E. G. G., director do Centro Municipal de Benestar Social, que literalmente di: 'A empresa 'IDADES, SL', está a realizar o Servizo Público de Axuda no Fogar no Concello de Cangas mediante contrato asinado en data 25.04.2014 e iniciou a execución deste o 01.05.2014, incluíndo o servizo de axuda no fogar para persoas dependentes e o servizo de axuda no fogar para persoas de libre concorrência. A calidade do servizo que presta é boa, cumprindo ate agora os requirimentos previstos nas bases de execución do contrato. Estimamos polo tanto conveniente a prórroga do contrato, tal coma contemplan as cláusulas do documento formalizador do contrato'.*

*Tendo en conta a premisa legal de que as prórrogas dos contratos non poder ser tácitas senón que necesariamente debe adoptarse acordo expreso polo órgano de contratación, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Prorrogar por unha anualidade máis, con efectos desde o día 01.05.2016 ata o 30.04.2017, o contrato administrativo de xestión do Servizo Público de Axuda no Fogar formalizado entre o Concello de Cangas e a empresa adxudicataria IDADES, SL', con CIF nº B36577542.*

*Segundo.- Notificar este acordo á empresa e dar traslado deste aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Centro Municipal de Benestar Social".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente a prórroga do contrato de xestión do Servizo Público de Axuda no Fogar.

## **ENSINO E DEPORTE**

### **9º.- DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA S/ADXUDICACIÓN DE VIVENDA DE MESTRES**

Dase conta de escrito do día 16.03.2016 do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, referente a solicitude de adxudicación de vivendas de mestres, que é como segue:

*"Examinada a notificación remitida pola secretaria xeral do Concello de Cangas á xefatura territorial desta consellería en Pontevedra o día 5 de febreiro de 2016, e con base nos seguintes:*



## Concello de Cangas

### ANTECEDENTES

1. O día 4 de novembro de 2015, A. P. N., mestra de Educación Primaria con destino definitivo no CEIP Nazaret de Cangas, solicitou unha vivenda escolar para mestres no devandito centro.

2. Con data 5 de xaneiro de 2016, a xefatura territorial desta consellería en Pontevedra resolveu adxudicarlle a vivenda vacante nº1-baixo esquerda das correspondentes ao citado centro.

3. Con data 5 de febreiro de 2016, a secretaria xeral do Concello de Cangas trasládalle á xefatura territorial de Pontevedra a notificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello o día 11 de xaneiro de 2016, en relación coa impugnación, mediante un recurso dealzada, da devandita resolución, por considerala contraria ao acordo adoptado polo pleno municipal de 2 de outubro de 2015 para solicitar a desafectación das vivendas do CEIP Cangas e do CEIP Espiñeira-Aldán, que estivesen baleiras ou ocupadas de xeito irregular para uso prioritario de emerxencia social.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Concorren no presente suposto dúas causas de inadmisibilidade do recurso.

Por unha banda, consonte o artigo 44.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, nos litixios entre administracións públicas non caberá interpoñer recurso en vía administrativa.

Por outra banda, de acordo co disposto polos artigos 21.1.k e 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para o exercicio das accións administrativas e xudiciais constitúe unha competencia indelegable do alcalde.

Ademais, a notificación presentada como recurso incumpre os requisitos que establece o artigo 110 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común para a interposición dos recursos administrativos e mesmo outorga a posibilidade de interpor un recurso potestativo de reposición ou contencioso-administrativo contra esa presunta interposición dun recurso de alzada.



## Concello de Cangas

*Segundo.- Sen prexuízo do anterior, cómpre sinalar que, de acordo co informe emitido o día 16 de febreiro de 2016 polo xefe territorial desta consellería en Pontevedra: '...o proceso de desafectación instado polo concello está en fase de tramitación nesta xefatura territorial para a súa posterior resolución pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. Esta tramitación non afecta ao dereito do persoal docente con destino na localidade a que se lle adxudiquen as vivendas disponibles, ao abeiro da normativa reguladora do dereito de casa-habitación. O artigo 6 do Decreto 250/1988, do 21 de xullo (DOG do 2 de setembro), polo que se regula o dereito á casa-habitación destinada a profesores de Educación Xeral Básica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, unicamente permite desafectar aquelas vivendas que excedan do cadro de persoal de mestres da localidade en función das necesidades de escolarización'.*

*Polo exposto, **RESOLVO** inadmitir a notificación do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas, remitida como recurso de alzada contra resolución da xefatura territorial desta consellería en Pontevedra de 5 de xaneiro de 2016".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, queda informada do escrito transcrito anteriormente do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, referente a solicitude de adxudicación de vivendas de mestres.

## **DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL**

### **10º.- PROPOSTAS DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/POSTOS DE VENDA NA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL**

Este punto foi retirado da orde do día.

## **CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **11º.- SOLICITUDE DE AXUDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA-2016**

Dase conta de proposta do día 04.04.2106 do concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística, referente a solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra para a dinamización lingüística-2016, que é como segue:



## Concello de Cangas

### *"PROPOSTA DE PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA A INCLUIR NA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA*

*O concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística, Heitor Mera Herbello propón á Xunta de Goberno Local para que se solicite axuda á Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro das bases publicadas no BOP do día 23.02.2016, para a realización dos seguintes programas:*

#### *1.- CURSO DE VERÁN 'O TEATRO GALEGO HOXE'*

*Orzamento total: 2.000,00 €*

*Contía solicitada: 1.500,00 €*

#### *2.- CAMPAÑA DE FOMENTO DO USO DO GALEGO E PROMOCIÓN DA CULTURA GALEGA ENTRE AS COMISIÓNS ORGANIZADORAS DE FESTAS POPULARES DO CONCELLO*

*Orzamento total: 4.000,00 €*

*Contía solicitada: 3.000,00 €*

#### *3.- PREMIO DE INVESTIGACIÓN CONCELLO DE CANGAS*

*Orzamento total: 2.000,00 €*

*Contía solicitada: 1.500,00 €*

*Polo que se solicita á Deputación Provincial de Pontevedra a contía de seis mil euros (6.000,00 €), que supón o 75% do orzamento total de oito mil euros (8.000,00 €)".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística, referente a solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra para a dinamización lingüística-2016.

### **12º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN CULTURAL "XIRIA" E O CONCELLO DE CANGAS PARA DESENVOLVER A XXXIII MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS**

Dase conta de sinatura o día 7 de marzo de 2016 de convenio de colaboración entre a ASOCIACIÓN CULTURAL "XIRIA" e o Concello de Cangas, para



## Concello de Cangas

desenvolver a XXXIII MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura o día 7 de marzo de 2016 de convenio de colaboración entre a ASOCIACIÓN CULTURAL "XIRIA" e o Concello de Cangas, para desenvolver a XXXIII MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do acordo xunto co convenio de referencia aos departamentos de Intervención e Cultura.

## URXENCIAS

### ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONFIGURACIÓN DUNHA LISTA DE SUBSTITUCIÓN PARA A COBERTURA DAS NECESIDADES DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL POR INTERINIDADE DAS PRAZAS DE EDUCADOR/A SOCIAL E TRABALLADOR/A PARA O CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE CANGAS**

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 31.03.2016, referente a aprobación de bases reguladoras do proceso selectivo para a configuración dunha lista de substitucións para a cobertura das necesidades de contratación laboral temporal por interinidade das prazas de educador/a social e traballador/a para o centro municipal de benestar social do Concello de Cangas, que é como segue:

#### *"PROPOSTA DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA ALCALDÍA*

*Ante a baixa por maternidade de unha das educadoras sociais que prestan os seus servizos no CMBS e a prolongación da baixa de unha das traballadoras sociais que presta servizos no mesmo centro, non podendo ser cubertas estas*



## Concello de Cangas

*prazas cos efectivos existentes segundo o comunica o concelleiro responsable da área, procede iniciar un proceso selectivo que permita a cobertura das citadas baixas e do mesmo xeito posibilite que no futuro, en situacións similares se poidan cubrir estas necesidades con máis axilidade evitando prexuízos aos usuarios dos servizos.*

*Por tal motivo entendemos que o mecanismo mais axeitado é que o proceso selectivo teña por fin a confección dunha lista de substitucións que permitirá cumprir con eses dous fins simultaneamente (a cobertura das baixas existentes na actualidade e as futuras similares).*

*Visto o que antecede elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte:*

### PROPOSTA

*PRIMEIRO.- Aprobar as bases de selección para a confección dun listado de substitucións para as prazas de educador/a social e traballador/a social do CMBS, para cubrir as necesidades de contratación laboral temporal na modalidade de interinidade para o Concello de Cangas. Bases que achegan como anexo á presente proposta de resolución.*

*SEGUNDO.- Convocar o proceso selectivo mencionado e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda a súa aprobación.*

*TERCEIRO.- Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nestas”.*

### ANEXO I

**"BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONFIGURACIÓN DUNHA LISTA DE SUBSTITUCIÓN PARA A COBERTURA DAS NECESIDADES DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL POR INTERINIDADE DAS PRAZAS DE EDUCADOR/A SOCIAL E TRABALLADOR/A SOCIAL PARA O CMBS DO CONCELLO DE CANGAS**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN**

*O obxecto da presente convocatoria é a constitución dun listado de substitucións para a cobertura das necesidades de contratación laboral temporal por interinidade das prazas de educador/a social e traballador/a social para o Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas.*



## **Concello de Cangas**

*Formarán parte da lista de agarda os aspirantes que teñan superado as probas previstas nas presentes bases determinándose a súa posición na lista citada e a orde de chamamentos segundo a puntuación obtida no proceso. O listado terá unha vixencia inicial de catro anos prorrogables por resolución de Alcaldía, sen prexuízo de que se poida acordar a súa extinción con anterioridade ou que se convoque un novo proceso selectivo con antelación.*

*As contratacións na modalidade de contrato de substitución se suxeitarán ao mesmo réxime xurídico da persoa á que se substitúe.*

*As persoas seleccionadas seralle de aplicación no momento da súa contratación o Acordo Regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Cangas.*

*O sistema de selección será o de concurso -oposición libre.*

### **SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES**

*Para ser admitido/a á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:*

- a) Posuír a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do art. 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.*
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.*
- c) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar.*
- d) Estar en posesión do título de Diplomado ou Grao en Educación Social ou posuír unha Habilitación como Educador/a Social para o listado de Educadores Sociais. Para o listado de Traballador/a social estar en posesión do título de Diplomado/a ou Grao en Traballo Social ou equivalente. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarase certificación para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou do Ministerio de Educación e Cultura.*
- e) Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que se houbese*





## Concello de Cangas

*separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*

- f) Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.*
- g) Ter ingresado a taxa para participar no proceso selectivo segundo a correspondente ordenanza fiscal (17,04 euros) dentro do prazo establecido para a presentación de instancias do presente procedemento.*

### **TERCEIRA.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

*As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello ([www.cangas.org](http://www.cangas.org)) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións ás bases.*

*De presentarse reclamacións as bases –que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo- a selección demorarase ata a resolución das mesmas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.*

*O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente, o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.*

*As solicitudes de participación no proceso selectivo deberán presentarse no modelo de instancia que acompaña ás presentes bases durante o prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro do Concello. A presentación de solicitudes poderán facerse ben no rexistro xeral do concello, ben en calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por fax, ó 986304850 unha copia*



## Concello de Cangas

da instancia con anterioridade ó remate do prazo na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, ós efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as.

As instancias farán constar o cumprimento da base segunda, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se acredite documentalmente ese cumprimento de acordo co disposto na base oitava. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o Negociado de Persoal do Concello ou o Tribunal de Selección, podendo ser apartados dos proceso aqueles aspirantes que sendo requiridos para elo non acreditasen suficientemente ese cumprimento.

Xunto coa instancia (no modelo indicado) presentarase:

1.- resgardo acreditativo do pagamento das taxas. Este pago farase previa obtención da correspondente folia de liquidación na Tesourería do Concello.

2.- *Fotocopia do DNI.*

3.- *Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos que se aleguen para a fase de concurso.*

4.- *Documento acreditativo do CELGA 4 por parte daqueles aspirantes que desexen a exención da realización do exame de lingua galega.*

*Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.*

### CUARTA.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

*Finalizado o prazo de presentación da documentación requirida, a Presidencia da Corporación aprobará a **lista provisional de admitidos/as e excluídos/as**, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, que será exposta no Taboleiro de Anuncios deste Concello, para os efectos de presentar as reclamacións que se consideren oportunas. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **3 días hábiles** contados a partir do seguinte ó da publicación para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución estimándoa ou desestimándoa o que se fará público, igualmente no Taboleiro de Anuncios do Concello.*



## **Concello de Cangas**

*O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza os interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva. De comprobarse que non se reúnen as condicións para figurar incluído no proceso o aspirante afectado poderá ser excluído do mesmo en calquera momento.*

### **QUINTA.- O TRIBUNAL CUALIFICADOR**

*O Tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisa-lo correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros, A composición efectiva do tribunal, así como a data de realización dos exercicios, faranse públicos no taboleiro de anuncios da Casa do Concello integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ó proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección. O Tribunal quedará integrado ademais polos respectivos suplentes. Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante cando concorran neles algunha circunstancia prevista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro.*

*O tribunal non poderá constituírse sen a asistencia da metade máis un dos seus membros (tres dos seus membros) titulares ou suplentes indistintamente, deles polo menos deberá contar coa presenza do Presidente e mailo Secretario.*

*O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestala súa colaboración nas súas especialidades técnicas.*

### **SEXTA.- COMEZO E DESENVOLVEMENTO DA PROBA SELECTIVA**

*O concurso-oposición constará de dúas fases:*

- 1. Fase de concurso: valoración dos méritos que representará un 40% da cualificación total.*
- 2. Fase de oposición: que representará o 60% da puntuación total.*

*O Sistema de selección desenvolverase de acordo co seguinte esquema:*

#### **A) PRIMEIRA FASE: CONCURSO**

*Esta fase levarase a cabo de conformidade cos seguintes baremos:*



## Concello de Cangas

### a) EXPERIENCIA PROFESIONAL

*-Exercicio da mesma categoría profesional na administración local: 0,20 puntos por mes traballado.*

*-Exercicio da mesma categoría profesional nas distintas administracións Públicas: 1,00 punto por ano traballado.*

*-Exercicio da mesma categoría profesional en empresas privadas: 1,00 punto por ano traballado.*

*(Acreditarase con fotocopias compulsadas dos contratos de traballo e vida laboral do solicitante. Para o caso dos/as traballadores/as autónomos/as alta no IAE e vida laboral. No caso de servizos prestados na administración pública, poderán presentarse certificacións de servizos prestados a efectos de valoración da experiencia.)*

*Ata un máximo de 20 puntos.*

### b) FORMACIÓN PROFESIONAL

*Cursos en materias propias da praza e posto*

*Asistencia a cursos relacionados co traballo a realizar :*

- Por cada curso de ata 25 horas 0,01 puntos*
- Por cada curso de duración superior ás 25 horas 0,05 puntos*
- Por cada curso de duración superior ás 50 horas 0,10 puntos*
- Por cada curso de duración superior ás 100 horas 0,25 puntos*
- Por cada curso de duración superior ás 250 horas 0,75 puntos*
- Por cada curso de duración superior ás 500 horas 1 punto*

*Non se valorarán as asistencias a xornadas, cursos, simposios ou conferencias en xeral, se non se especifica de xeito claro, a duración en horas da acción formativa.*

*Só se valorarán os cursos impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados por estes (especialmente escolas ou institutos administrativos de formación do persoal ó servizo das administracións públicas e universidades). Neste senso non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas se non se xustifica a homologación sinalada.*



## Concello de Cangas

*Máximo 20 puntos*

### **B) SEGUNDA FASE: OPOSICIÓN**

#### **B.1. PROBA PRÁCTICA**

*Exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na resolución dun suposto práctico relacionado co contido do programa de materias para a fase de oposición que como anexo acompaña as presentes bases, no tempo que determine o tribunal ao inicio da proba. Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos e á resolución dos problemas prácticos presentados.*

*A puntuación máxima será de 58 puntos, sendo necesario obter 29 puntos para superar a proba.*

#### **B.2. PROBA DE COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO**

*Exercicio de carácter obrigatorio e non eliminatorio.*

*Os aspirantes que teñan superado a proba práctica serán convocados no día, hora e lugar que sinale o Tribunal para a realización dunha proba de coñecemento da lingua galega que consistirá na tradución castelán-galego e galego-castelán dun texto proposto polo tribunal de non menos de cinco liñas. A proba valorarase de 0 a 2 puntos.*

*Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten estar en posesión do Certificado en Lingua Galega – nivel 4 (CELGA 4) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Perfeccionamento. Os aspirantes que acheguen dito certificado se puntuarán con 2 puntos.*

*(Acreditarase coa fotocopia compulsada dos títulos).*

#### **SÉTIMA.- CUALIFICACIÓN FINAL**

*A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e máis do concurso tendo en conta que a puntuación obtida na fase de oposición representará o 60 % do total e a resultante da fase de concurso o 40 % restante.*

*No suposto de empate na cualificación final o Tribunal seleccionará ao aspirantes con maior puntuación no apartado de oposición, de persistir o*



## **Concello de Cangas**

*empate valorarase a experiencia profesional, en último caso o empate desfarase cunha proba adicional a decidir polo Tribunal para a que serán citados exclusivamente os aspirantes que tivesen empatado.*

*A continuación o Tribunal fará público o resultado do proceso. Finalmente o Tribunal elevará á Alcaldía a proposta de listado resultante ao remate do proceso selectivo para a súa formalización mediante resolución de Alcaldía. Este listado estará ordenado en función das puntuacións obtidas.*

### **OITAVA.- LISTADO DE CONTRATACIÓN**

*O listado aprobado terá unha vixencia inicial de catro anos prorrogables por resolución de Alcaldía, sen prexuízo de que se poida acordar a súa extinción con anterioridade ou que se convoque un novo proceso selectivo con antelación.*

*As contratacións que se efectúen en base a tal listado deberán facerse mediante a adopción dunha resolución de Alcaldía na que se fundamentará a necesidade de acudir a ela e que contará cos informes preceptivos previos.*

*O réxime das contratacións que se efectúe se corresponderá co da persoa obxecto de substitución e polo tempo de duración desta.*

*A renuncia inxustificada ao contrato suporá a exclusión do listado. A renuncia por causa xustificada deberá acreditarse documentalmente e suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado sen exclusión daquel e sen modificar a súa orde. A imposibilidade de contactar co interesado suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado, se esta imposibilidade se repetise en dúas ocasións igualmente suporá a exclusión da lista.*

*O chamamento efectuarase seguindo a orde do listado aprobado de tal xeito que non se pasará a seguinte persoa do listado en tanto a anterior estea en disposición de traballar. Este chamamento efectuarase telefonicamente, facendo ata dúas tentativas, no teléfono que proporcionarán a tal efecto na súa instancia os aspirantes seleccionados, o teléfono citado poderá ser modificado posteriormente comunicándoo ao Negociado de Persoal. De resultar infrutuosas ambas chamadas pasarase a contactar coa seguinte persoa da lista, coas consecuencias establecidas no parágrafo anterior.*

*As persoas integrantes da lista deberán presentar a documentación requirida polo Negociado de Persoal para a súa contratación considerando renuncia inxustificada a non presentación da citada documentación no prazo que se lle indique (esta documentación poderá incluír unha certificación negativa do*



## **Concello de Cangas**

*Rexistro Central de delincuentes sexuais de acordo co previsto na Lei 16/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia)*

### **NOVENA.- DISPOSICIÓN FINAL**

*As presentes bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, de 26 de Novembro, no Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e polo disposto nas presentes bases.*

*Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ó previsto na devandita Lei 30/1992, de 26 de novembro.*

### **ANEXO. PROGRAMA DE MATERIAS PARA A FASE DE OPOSICIÓN**

#### **A) Educador/a social**

- 1. Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: Principios xerais.*
- 2. Os servizos sociais comunitarios en Galicia e o seu financiamento.*
- 3. Competencias das entidades locais en materia de servizos sociais. Constitución española, Lei reguladora das bases do réxime local e marco competencial autonómico de Galicia.*
- 4. Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.*
- 5.- O/a educador/a social: concepto, funcións, niveis de intervención, fundamentos e principios.*
- 6. Situación das minorías étnicas. Características, necesidades e recursos.*
- 7.- A poboación inmigrante. Lei Orgánica 8/2000, de 22 de decembro, de reforma da Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social: Reagrupamento familiar e arraigo. Características da inmigración en España.*
- 8.- Persoas con discapacidade: Normativa, valoración, necesidades e recursos.*



## **Concello de Cangas**

9.- *Maiores. Características, recursos e programas.*

10.- *Os menores, infancia e adolescencia. O papel dos servizos sociais de atención primaria. Absentismo escolar.*

### B) Traballador/a social

1.- *Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: Principios xerais.*

2.- *Os servizos sociais comunitarios en Galicia e o seu financiamento.*

3.- *Competencias das entidades locais en materia de servizos sociais. Constitución española, Lei reguladora das bases do réxime local e marco competencial autonómico de Galicia.*

4.- *Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.*

5.- *O traballo social.:concepto,funcións, niveis de intervención,fundamentos e principios.*

6.- *O código deontolóxico do traballo social..*

7.- *A lei 39/2006 de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención a dependencia: configuración do sistema..*

8.- *A dependencia e a súa valoración. Procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito as prestacións do SAAD..*

9.- *O servizo de axuda no fogar (SAF). Normativa,coordinación e funcionamento.*

10.- *Os menores, infancia e adolescencia. O papel dos servizos sociais de atención primaria. Absentismo escolar."*

## A N E X O II

**"INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONFECCIÓN DE LISTAS DE SUBSTITUCIÓN PARA EDUCADORES/AS SOCIAIS E TRABALLADORES/SOCIAIS.**

**LISTAS ÁS QUE ASPIRA (sinalar a que corresponda):**

EDUCADOR/A SOCIAL





**Concello de Cangas**

*TRABALLADOR/A SOCIAL*

*APELIDOS, NOME:*

*TELÉFONO:*

*DNI:*

*ENDEREZO:*

*Declara que coñece e acepta o contido das bases convocadas para a confección dun listado de substitucións para as prazas de educador/a social e traballador/a social do CMBS do Concello de Cangas, que non se atopa incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente e que cumpre todos os requisitos esixidos na convocatoria (en particular os expostos na base segunda) e que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin se atopa inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.*

*Comprométese a presentar, de ser seleccionado e requirido para elo certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais de acordo co previsto na Lei 16/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia ou no seu caso autorizando expresamente ao Concello de Cangas, no suposto de ser seleccionado, para acceder a información relativa a inexistencia de antecedentes por delitos sexuais a través da Plataforma de Intermediación de Datos que xestiona o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.*

*Solicita ser incluído/a na relación de aspirantes admitidos/as no proceso selectivo convocado polo Concello de Cangas para a confección da lista de substitucións indicada máis arriba.*

Cangas, de de 2016

Asdo. : .....

**DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:**

**Con carácter obrigatorio:**

- A presente instancia, debidamente **cuberta e asinada**.*
- Fotocopia cotexada do D.N.I.*
- Fotocopia cotexada da titulación esixida.*
- Xustificante acreditativo do pago das taxas.*

**Con carácter opcional:**

- Documentación acreditativa dos méritos que desexe que se lle valoren a efectos da fase de concurso*



## Concello de Cangas

*Acreditación CELGA 4 ou superior a efectos da exención da proba de coñecemento do idioma galego*

*ALCALDÍA DO ILMO CONCELLO DE CANGAS".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación de bases reguladoras do proceso selectivo para a configuración dunha lista de substitucións para a cobertura das necesidades de contratación laboral temporal por interinidade das prazas de educador/a social e traballador/a para o centro municipal de benestar social do Concello de Cangas.

### **B) SOLICITUDE DE NICHOS EN CEMITERIO MUNICIPAL**

Vista a solicitude presentada en data 21.03.2016 por J. A. C. O., DNI nº 35.271.356-M, con enderezo en Rúa da Fonte de Espiñeira, nº 10-Aldán, na que demanda a tramitación do correspondente documento no que se lle acredite a cesión administrativa de dous nichos sitios no bloque N, panteón nº 29-letras C e D, do Cemiterio do Aldán.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude do Sr. C. O., para concesión de dous nichos no Cemiterio de Aldán.

SEGUNDO.- Que polos departamentos correspondentes se proceda á tramitación do correspondente documento de cesión administrativa de dous nichos sitios no bloque N, panteón nº 29-letras C e D, do Cemiterio do Aldán.

### **C) INFORMES DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓNS**

#### **C.1) SINALIZACIÓN EN RÚA GONDOMAR**

Dase conta de informe emitido o día 29.03.2016 pola Policía Local, referente a sinalización en Rúa Gondomar, que di o seguinte:

*"Nº REX:541/16*

*ASUNTO: SINALIZACIÓN DA RÚA GONDOMAR*



## Concello de Cangas

*O departamento de sinalización da Policía Local, por medio do presente informe fai constar:*

*Que tras abrir a rúa da unidade de actuación cinco, que vai dar ao Centro de Saúde, e que feito un estudo do tráfico na zona, propoñemos poñer parte da rúa Gondomar en dobre sentido de circulación para darlle mais dinamismo ao tráfico ao abrir dita rúa”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe transcrito da Policía Local, referente a sinalización en Rúa Gondomar.

### C.2) COLOCACIÓN DE SINAIS DE PROHIDO ESTACIONAR NA UNIDADE DE ACTUACIÓN Nº 5

Dase conta de informe emitido o día 31.03.2016 pola Policía Local, referente a colocación de sinais de prohibido estacionar na Unidade de Actuación nº 5, que é como segue:

*“Nº REX: 558/b16*

#### *ASUNTO: COLOCACIÓN DE SINAIS DE PROHIBIDO ESTACIONAR NA UA5*

*O departamento de sinalización da Policía Local, por medio do presente informa:*

*Que ao abrir a rúa da UA5 que dá ao Centro de Saúde, aparcan os coches aos dous lados da vía formando un problema de circulación o cal impide circular en dobre sentido.*

*Que por tal motivo se procede a colocar dous sinais de prohibido estacionar no lado dereito entrando pola rúa Gondomar, con motivo de evitar que se produzan os continuos atascos de tráfico.*

*Que tamén se colocou outra sinal de prohibido estacionar ao final da Rúa Baiona na entrada ao estacionamento para que os coches non estacionen no lado dereito mesmo na entrada, bloqueando un carril de circulación”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, toma coñecemento do informe transcrito anteriormente da Policía Local, referente a sinalización realizada na Unidade de Actuación nº 5.



Concello de Cangas

## **D) SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS**

### D.1) AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS EN ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar as solicitudes de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

**Así mesmo, todas as concesións supeditaránse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.**

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J. A. L. P. ("TABERNA DOS CHATA"), en representación da entidade "DOS CHATA, CB", con CIF nº E-94115656, para a ocupación de 23,00 m<sup>2</sup>., cunha tarima desmontable con mesas e cadeiras enfrente do local sito en Rúa Saralegui, nº 28-Cangas, desde o 1 de abril ao 31 de decembro do ano que andamos.

### CONDICIÓNS

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostelería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.



## Concello de Cangas

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2016, agás o indicado no acordo.

H) A autorización de instalación da terraza outorgarase a nome de quen ostente a titularidade da licenza de apertura do establecemento de hostelería que linde co espazo exterior que se pretende ocupar. A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directa ou indirectamente en todo ou en parte.

I) As licenzas para a instalación de mesas e cadeiras só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da licenza de apertura e funcionamento do establecemento principal, sempre e cando o antigo e novo titular comuniquen esta circunstancia ao Concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular.

J) As causas de rebogación e extinción da autorización serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 da Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

K) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

L) Non no previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

M) En caso de instalar parasois, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasois unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

N) Como regra xeral a instalación realizarase nunha xoa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinará, sen superar en lonxitude, e deixarase expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais colindantes, cun espazo como mínimo de 1,80 m libre de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

Ñ) As instalacións deberán cumprir as condicións e obrigas sinaladas na Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

### D.2) SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS PARA A OBTENCIÓN DE LICENZA DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS

Visto que ao día de hoxe hai establecementos hosteleiros que non achegaron a totalidade da documentación que se esixe no artigo 4 da Ordenanza municipal



## Concello de Cangas

reguladora da instalación de terrazas na vía pública do Concello de Cangas, para obter a correspondente licenza de ocupación da vía pública con mesas e cadeiras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda **outorgar un prazo improrrogable de DEZ DÍAS**, do cal se fará o correspondente control no departamento de Xestión de Ingresos, para a entrega da documentación requirida seguinte **(en caso contrario procederase ao levantamento da ocupación de vía pública por non ter obtido a correspondente autorización municipal):**

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR P. M. F. (HAMBURGUESERÍA "OBELIX BURGER"), para a ocupación de 16,00 m<sup>2</sup>., con mesas e cadeiras diante do local sito en rúa Redondela, nº 8-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, debendo respectar o paso de peóns, así como, deixar libres as entradas de acceso ás vivendas colindantes. (FALTA LICENZA DE APERTURA E INFORME DO ORAL)

### **E) SOLICITUDE DO CLUBE DE FÚTBOL "ALONDRAS, CF" S/AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA REALIZACIÓN DA "1ª FESTA DOS CALLOS"**

Vista a solicitude presentada o día 01.04.2016 polo clube de fútbol "ALONDRAS, CF", na que reclaman autorización municipal para a realización do evento denominado "1ª FESTA DOS CALLOS", a celebrar o domingo 24 de abril do ano que andamos, na esplanada das naves de Ojea onde se instalará unha carpa, co fin de recadar fondos destinados ás súas categorías base; polo que precisan de axuda loxística para dispor de puntos de luz, auga e saneamento para o recinto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda conceder, ao clube de fútbol "ALONDRAS, CF", autorización municipal para a realización do evento denominado "1ª FESTA DOS CALLOS", a celebrar o domingo 24 de abril do ano que andamos, na esplanada das naves de Ojea, coa instalación de unha carpa coas correspondentes conexións de luz, auga e saneamento.

### **F) RECTIFICACIÓN DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 22.02.2016 S/APROBACIÓN DE CONTAS XUSTIFICATIVAS DE SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O FUNCIONAMENTO DO CONSERVATORIO DE MÚSICA E ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL NO ANO 2015**



## Concello de Cangas

F.1) RECTIFICACIÓN DE ACORDO Nº 12 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 22.02.2016 S/APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O FUNCIONAMENTO DO CONSERVATORIO DE MÚSICA MUNICIPAL NO ANO 2015

Detectados erros no acordo nº 12 adoptado por esta Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 22 de febreiro do ano que andamos, no que se refire aos importes seguintes:

- No terceiro parágrafo do acordo, onde figura o importe total marcado en negra:

*Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa do funcionamento do Conservatorio Profesional de Música de Cangas, do exercicio 2015, polo importe total de **trescentos dous mil cento trinta euros con catro céntimos (302.130,04 €)**, de conformidade co seguinte desglose:*

\* Debe dicir: "...trescentos dous mil cento trinta e dous euros con setenta e catro céntimos (302.132,74 €)..."

- No cadro do persoal, corrixir o importe total correspondente a Rogero Cuesta, marcado en negra, polo seguinte:

### **Importe erróneo:**

APELLIDOS	NOME	POSTO	REMUNER.	SEG. SOC.	TOTAL
R. C.	J.	T. S. Vento Mad	18.111,52	5.752,35	<b>28.863,87</b>

### **Importe correcto:**

APELLIDOS	NOME	POSTO	REMUNER.	SEG. SOC.	TOTAL
R. C.	J.	T. S. Vento Mad	18.111,52	5.752,35	<b>23.863,87</b>

- No final do cadro xeral, corrixir o importe total marcado en negra, polo seguinte:

### **Importe erróneo:**

TOTAL			230.358,09	71.774,65	<b>302.132,04</b>
-------	--	--	------------	-----------	-------------------

### **Importe correcto:**

TOTAL			230.358,09	71.774,65	<b>302.132,74</b>
-------	--	--	------------	-----------	-------------------

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar



## Concello de Cangas

as rectificacións indicadas, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra para o funcionamento do Conservatorio de Música Municipal, do exercicio 2015.

F.2) RECTIFICACIÓN DE ACORDO Nº 13 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 22.02.2016 S/APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O FUNCIONAMENTO DA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL NO ANO 2015

Detectados erros no acordo nº 13 adoptado por esta Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 22 de febreiro do ano que andamos, no que se refire aos importes seguintes:

- No importe total do cadro xeral, corrixir o importe total marcado en negra, polo seguinte:

### **Importe erróneo:**

TOTAL					<b>222.586,15</b>
-------	--	--	--	--	-------------------

### **Importe correcto:**

TOTAL					<b>193.151,19</b>
-------	--	--	--	--	-------------------

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar as rectificacións indicadas, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra para o funcionamento da Escola de Música Municipal, do exercicio 2015.

## **ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
o presidente